




FICHA 1

Para entender o que supón o paso do tempo e os conceptos 'antigo' e 'moderno', imos comezar cunha sinxela actividade onde os máis cativos poderán poñer en práctica os seus coñecementos sobre a evolución. Trátase de ver os cambios producidos na nosa sociedade co paso do tempo, o que tamén nos permitirá introducir a temática dos avances científicos e tecnolóxicos.



1. O cultivo da terra avanzou moito desde as primeiras sociedades agrícolas até hoxe.

Rodea cun círculo o aparello máis antigo usado para labrar a terra.



2. A electricidade é un fenómeno natural, pero houbo que esperar ata o século XVII para que Benjamin Franklin descubriese como funcionaba. Que fariamos hoxe en día sen electricidade?

Colorea o debuxo que representa o modo de iluminación máis moderno.



3. A Idade Contemporánea é a época da revolución industrial e das comunicacións, con novos transportes, que permiten ir máis rápido e máis lonxe.

Pon un X sobre o debuxo que representa o medio de transporte máis moderno.

COCHE DE CABALOS



AVIÓN



4. Para referirnos a un determinado momento no tempo precisamos unha referencia e o noso calendario tomou como referencia o nacemento de Xesús. Por iso cando falamos de cousas que pasaron antes de que nacera, dicimos "antes de Cristo" (a. C.) e se nos referimos a épocas posteriores falamos de "despois de Cristo" (d. C.).

Reescribe só a data máis antiga.

300 a. C.

1200 a. C.

1200 d. C.